

A DISLEXIA, UNHA SOPA DE LETRAS

1. Datos persoais

Hugo Aldea González
Rubén Aldea González
IES Álvaro Cunqueiro

2. Resumo do proxecto (600-800)

O noso proxecto pretende visibilizar a realidade das persoas con dislexia, a miúdo descoñecida pola poboación xeral, especialmente fóra do ámbito médico e educativo. Para isto, ademais de falar desde a nosa propia experiencia, queremos realizar un estudo estatístico do tempo de lectura dun breve texto con distintas fontes, trasladando os datos a unha folla de cálculo e obtendo no momento medias de rapidez en persoas con e sen dislexia, ademais de preguntar ás persoas participantes se notaron distinta dificultade en función da fonte utilizada.

Por último, para dar a coñecer ferramentas que poden facilitar un pouco a lectura, realizaremos un deseño de regras de lectura que imprimiremos en 3D no noso centro.

3. Introducción (máx 800)

O tema que queremos visibilizar é o problema neurolóxico chamado dislexia. Como indica a Asociación Española de Pediatría¹, a dislexia forma parte dos trastornos de aprendizaxe, considerados trastornos do neurodesenvolvemento con base neurobiolóxica. As persoas que teñen este trastorno, ademais dun rendemento académico baixo, presentan maior risco de ter peor saúde mental, están máis expostos ao bullying, ao abandono escolar e ao desemprego. Non obstante, sentimos que moita xente non ten aprecio do problema significativo que representa a dislexia a nivel académico, por culpa da falta de información. E nós como disléxicos queremos informar á xente para que non infravaloren o problema, partindo da nosa propia experiencia e ampliando a información desde un punto de vista científico.

¹ *Trastornos del aprendizaje: definiciones*, recuperado de
<https://www.aeped.es/sites/default/files/documentos/01.pdf>

4. Propósito do traballo (máx 800)

O traballo consistirá nunha explicación detallada da dislexia e dos problemas que produce no ámbito cotián e, especialmente, na escola. Revisaremos moitas destas dificultades, dende os problemas relacionados coa lectura e a escritura ata o cálculo ou a memoria a curto prazo.

A finalidade do noso traballo é, partindo da nosa realidade como persoas con dislexia, divulgar a problemática á que se enfrontan as persoas con este trastorno de aprendizaxe e facer reflexionar ao público sobre as dificultades que temos a nivel académico.

5. Estudo do estado da arte (máx 800)

Como se indica no Protocolo para a intervención psicoeducativa da dislexia e/ou outras dificultades específicas de aprendizaxe da Consellería de Educación², “A dislexia, segundo o DSM-5, *é un termo alternativo ao de dificultades lectoras, que se refire a un patrón de dificultades da aprendizaxe que se caracteriza por problemas co recoñecemento de palabras en forma precisa ou fluída, deletrear mal e pouca capacidade ortográfica. (...) é importante especificar calquera dificultade adicional presente, como dificultades de comprensión da lectura ou do razoamento matemático*”. (páx. 4).

O campo das dificultades da aprendizaxe resulta moi complexo, dada a súa amplitude e heteroxeneidade, pero cada vez se avanza máis na investigación, permitindo concretar moitos coñecementos sobre elas.

6. Hipótese (máx 800)

Desde a nosa experiencia como estudantes con dislexia, e despois de falar co noso profesorado, percibimos que non hai coñecementos reais entre o alumnado do que é a dislexia e do que supón no día a día dunha persoa calquera e, especialmente, durante a etapa educativa. Polo tanto, a hipótese na que se basea este proxecto é que a maioría de estudantes non comprende en profundidade o reto que pode supoñer para unha persoa con dislexia convivir con esta dificultade de aprendizaxe.

2 Protocolo para a intervención psicoeducativa da dislexia e/ou outras dificultades específicas de aprendizaxe da Consellería de Educación

7. Material e métodos

Como material para a elaboración do estudo estatístico e a recollida de datos utilizaremos un ordenador portátil no que empregaremos a folla de cálculo e utilizaremos para proxectar os resultados en directo. Os textos dos que se recollerán os datos estarán impresos en distintas fontes e tamaños.

Para a elaboración das regras de lectura utilizaremos o programa de deseño Fusion 360 e a impresora 3D do instituto.

Non obstante, como o noso obxectivo principal é a concienciación e a divulgación da problemática á que se enfrontan as persoas con dislexia, o noso método fundamental será a presentación oral das nosas propias experiencias e o diálogo directo coa xente que se interese polo noso proxecto e que queira facernos preguntas sobre a nosa percepción desta dificultade de aprendizaxe.

8. Resultados

Aínda non temos resultados, porque non rematamos o estudo. Ademais, parte dos datos serán recollidos na propia feira de Galicia 2025. Non obstante, analizando os datos recollidos ata o momento, pensamos que a nosa hipótese é bastante acertada.

9. Conclusións

Sen rematar o proxecto non podemos obter conclusións definitivas. Aínda así, pensamos que unha xeneralización que podemos realizar é que as dificultades de aprendizaxe en xeral, así como os distintos trastornos do neurodesenvolvemento, son pouco coñecidos pola poboación xeral e o alumnado en particular.

10. Bibliografía

Protocolo para a intervención psicoeducativa da dislexia e/ou outras dificultades específicas de aprendizaxe da Consellería de Educación

Trastornos del aprendizaje: definiciones, recuperado de <https://www.aeped.es/sites/default/files/documentos/01.pdf>